

**IKFEM 2018: Women
Sound en Valença-Tui**

Páxina III

**Ponteareas inaugura o
Centro de
Interpretación do Tea**

Páxina V

**Concurso de Gaita e
Tamboril e
Día da Muíneira en Tui**

Páxina X

**III Simpósio
Internacional de
Escultura do Minho**

Páxina XV

**Feira do Alvarinho em
Monção**

Páxina XVI



Reiníciense os traballos arqueolóxicos en Porto Maior

Páxina II



NOVAS DA RAIA

AS NEVES

Reiníciáanse os traballos arqueolóxicos en Porto Maior, o lugar de ocupación humana máis antigo de Galicia.

Desde o día 11 ate 30 de xuño reiníciáanse os traballos de escavación arqueolóxica no xacemento de Porto Maior (As Neves, Pontevedra). Estas escavacións enmárcase dentro do proxecto internacional Minho/Miño: Os primeiros poboadores do río Miño, onde colaboran investigadores de diferentes centros nacionais e internacionais, como as universidades de Lisboa, Porto,

Minho e Adelaide (Australia), o Australian Research Centre for Human Evolution (ARCHE) e o Cento Nacional de Investigación sobre la Evolución Humana (CENIEH). Estes traballos contan co patrocinio e a colaboración fundamental do Concello de As Neves e da Comunidade de Montes en Man Común de As Neves.

As investigacións desta campaña procuran afondar nas particularidades deste ex-

cepcional xacemento, coñecer mellor a distribución dos niveis de ocupación humana identificados no lugar, os cales teñen unha idade comprendida entre os 300.000 e os 200.000 anos de antigüidade. Así mesmo coa substancial ampliación da superficie escavada tentarase explicar a natureza funcional da principal acumulación de ferramentas do xacemento.

O xacemento paleolítico



Alcalde de As Neves, Xosé Manuel Méndez, cos traballadores da escavación.

ESCOLA DE MÚSICA DE XINZO

MÚSICA E MOVIMENTO
LINGUAXE MUSICAL
BANDA INFANTIL

INSTRUMENTOS
 Percusión Fagot Trombón
 Tuba Trompa Trompeta
 Óboe Frauta Clarinete
 Saxofón Bombardino

matrícula aberta
Curso 2018-19

Periodos de matriculación
Continuación de Estudos:
 01/06/18 - 31/07/2018
Inicio de Estudos:
 01/06/18 - 31/08/2018

Información
 655 296 576 - 680 179 386
 estudios.bmx@gmail.com


de Porto Maior localizouse de maneira casual no ano 2005, con motivo da realización dunhas obras de extracción de terras, que deixaron a vista unha sección dos seus depósitos xeolóxicos. Tras unha serie de traballos preventivos, desenvolvidos nos anos inmediatos ao seu descubrimento, durante 2012 e 2014 retómanse os traballos de campo no xacemento, a cargo do actual equipo de investigación. Estes traballos de investigación puxeron de manifesto a existencia de múltiples niveis de ocupación de cronoloxía paleolítica, todos eles de tecnoloxía achelense (cultura do Paleolítico antigo europea). De entre estes niveis de ocupación destaca o nivel PM-4 no que se identificou unha espectacular acumulación de ferramentas de pedra, no que primeiro caso coñecido en todo o continente europeo. Este tipo de comportamento é habitual en certos xacementos do paleolítico antigo africano e de Próximo Oriente. Así mesmo, as ferramentas presentes neste nivel destacan polas súas extraordinarias dimensións, onde achegan medidas superiores aos 18 cm (con máximos de 27 cm e 2 kg de peso), cando o normal é que non superen os 15 cm.

Isto os converte nos de maiores dimensións coñecidos en todo o continente Europeo e uns dos máis grandes a escala mundial.

A datación do xacemento indican que a súa ocupación desenvolveuse entre os 300.000 e os 200.000 anos de antigüidade. Isto define a Porto Maior como o xacemento con restos de actividade humana máis antigo coñecido en toda Galicia. Isto vén desmontar a idea, comunmente admitida, de que a primeira ocupación humana desta rexión realizouse en tempos moi recentes, en relación ao sucedido noutras rexións españolas. Non se coñece a día de hoxe xacemento de cronoloxía semellante en ningún outro punto de Galicia e confirmase de maneira incuestionable a presenza humana na rexión en cronoloxías moi antigas.

Durante os traballos de escavacións vanse a por en marcha, en colaboración co Concello de As Neves, un programa de actividades didáctica, que contempla un programa de visitas guiadas as escavacións e charlas para dar a coñecer entre a veciñanza de As Neves e o público xeral a importancia deste xacemento, o único do seu tipo coñecido en toda Europa.

TUI



Cristina Pato nas masterclasses

Ademais de formar parte do programa de concertos, Rosa Torres-Pardo e Ariadna Casteláns participarán nas clases mestras de IKFEM, nas que exercerán de profesoras nas especialidades de piano e piano-jazz, respectivamente.

O apartado formativo do festival da Eurociudad, entre cuxo profesorado figuran nomes como Daniel Pereira, António Oliveira, Abe Rábade, Miguel Campinho e Luís María Pacetti; tamén destaca outra relevante figura feminina no ámbito musical: Cristina Pato. Ela protagonizará un encontro-masterclass sobre emprendemento cultural titulado Transcendendo disciplinas: O Artista Sustentable do século XXI.

A programación de masterclasses de IKFEM incluírá as especialidades de piano, piano jazz, canto e pianista acompañante e, como novidade, emprendemento cultural. O prazo de inscrición está aberto ata o 15 de xullo.



Rosa Torres-Pardo, Rocío Márquez, María Ana Bobone e Ariadna Castellanos encabezan o cartel de IKFEM 2018: Women Sound

Rosa Torres-Pardo, Rocío Márquez, María Ana Bobone e Ariadna Casteláns son as primeiras confirmacións da programación de concertos do International Keyboard Festival & Masterclasses IKFEM, que este ano se celebrará do 20 ao 24 de xullo. Baixo o lema Women Sound, que busca visibilizar a contribución das mulleres na música, este evento cultural desenvolverá unha completa programación caracterizada pola presenza de renombradas artistas, o protagonismo da temática feminina e a variedade de estilos musicais: fado, jazz, clásico, electrónico e flamenco, entre outros.

Entre as artistas que encabezan cartel do festival de música de instrumentos de teclado da Eurociudad Tui-Valença destaca a prestixiosa pianista Rosa Torres-Pardo (Premio Nacional de Música 2017), quen dará un recital acompañada pola cantaora Rocío Márquez (gañadora en 2008 do Concurso do Cante das Minas na categoría absoluta e noutras 4 máis) e a actriz Clara Muñoz. As tres artistas levarán por primeira vez



Rosa Torres-Pardo. Foto ©Michal Novak

a Galicia o espectáculo Desconcerto, unha fusión entre poesía, escola pianística española e cante jondo.

Outra importante confirmación en IKFEM 2018 é a da pianista Ariadna Casteláns (nomeada aos Latin Grammy e colaboradora de músicos como Paco de Lucía, Herbie Hancock ou Michael Camilo), quen dará un recital onde fusionará jazz e música electrónica, acompañada do produtor Jorge Barallo.

Pola súa banda, a cantante de fados María Ana Bobone volverá este ano a IKFEM tras a boa acollida que tivo a súa primeira actuación na edición

de 2016. Nesta ocasión, a artista lusa acudirá á Eurociudad cun concerto de fado ao piano.

IKFEM chega este ano á súa sexta edición consecutiva e faio baixo o lema Women Sound, que busca visibilizar ás mulleres da música. Seguindo este fío condutor, a programación incluírá unha homenaxe á compositora e pianista galega Eugenia Osterberger e un concerto de órgano dedicado á figura da muller, entre outras actividades. Ademais, a propia directora do festival, Andrea González, terá un papel activo na programación musical.

IKFEM é o International

Keyboard Festival & Masterclass da Eurociudad Tui-Valença, un evento que, partindo da música de instrumentos de teclado, ofrece un amplo abanico de propostas culturais cun marcado carácter transfronteirizo.

Foi creado pola pianista Andrea González no ano 2013 a través da asociación Xuventudes Musicais de Tui co obxectivo de crear un espazo de enriquecemento cultural e promoción dos novos talentos.

En cada edición, o festival inclúe un atractivo calendario de eventos musicais e formativos nos que se inclúen masterclasses, workshops, talleres infantís e concertos, sempre centrados na familia dos instrumentos de teclado: piano, fortepiano, órgano, organetto, clave, acordeón, zanfona, keytar, clavisimbalum, viola de teclas e teclado electrónico.

IKFEM é sobre todo música, pero tamén é unha cita coa formación, a cultura e unha oportunidade para descubrir o singular patrimonio que atesouran dous territorios unidos polo río Miño: Galicia e Portugal.

GALICIA

Bueu acolle o XV Campionato Galego de seleccións provinciais de balonmán

O municipio de Bueu recibirá este sábado, 16 de xuño, a máis dun millar de persoas, entre acompañantes e deportistas que participarán no XV Campionato Galego de Seleccións Provinciais de Balonmán, que se disputará nos pavillóns municipais de Bueu e Beluso. Así o destacaron na rolda de prensa de presentación, Javier Álvarez, vicepresidente da Federación Galega de Balonmán, e Félix Juncal, al-

calde de Bueu, impulsores do proxecto 'Bueu, cidade do balonmán'.

En total agárdase a participación de doce equipos (catro por cada categoría). Concretamente, entre as 10 e as 16 horas, o Pavillón Municipal de Beluso acollerá os partidos da categoría infantil feminina, e os de alevín mixta e infantil masculina terán lugar entre as 10 e as 20 horas no Pavillón Municipal de Bueu.

"Bueu, cidade do balonmán"

é un proxecto que se iniciou na fin de semana do 2 e 3 de xuño coa celebración da Fase Final da Copa de División de Honor Xuvenil Masculina e Infantil Masculina, e continuou o 9 e 10 coa Copa Final de Cadete Masculino.

Tras esta fin de semana, o broche de ouro será o 24 e 25 de xullo na praia da Banda do Río coas finais do Campionato Galego de Balonmán Praia, de entre as que saíran as persoas clasificadas para

o campionato estatal. Precisamente, a vila morracense é todo un referente no balonmán praia, xa que nos dous anos anteriores acolleu un dos campionatos estatais do Arena 1000. Con todo, e tal e como destacou o alcalde, "este ano o Concello tivo que renunciar a este proxecto dado que o orzamento se incrementaba e quedaba lonxe da nosa capa-

cidade, aínda que decidimos pensar esta outra alternativa que impulsa e recoñece o balonmán de base". Dadas as expectativas que existen no sector porque Bueu volva acoller este campionato, tanto o Concello como a Federación Galega deixan claro que se están buscando alternativas para poder afrontalo de novo en vindeiros anos.

Mondariz pon en marcha MulTEAventura, unha proba de orientación para mozos e mozas

As 19 horas do sábado 30 de xuño, dará comezo na praia fluvial do Val de Mondariz, a proba de orientación 'MulTEAventura', dirixida a mozos e mozas con idades comprendidas entre os 12 e 18 anos. A inscrición estará aberta ata o día 26 de xuño ao prezo único de 5 €.

A proba estará dividida en dúas categorías, unha para rapaces de 12 a 15 anos e outra de 16 a 18 anos, que terán percorridos de diferente lonxitude.

Os equipos participantes, que estarán formados por un mínimo de dúas persoas e un máximo de cinco, deberán chegar a determinados puntos se-

guindo pistas e amosando a súa capacidade de orientación. En cada un deses puntos intermedios, terán que realizar unha serie de probas.

As inscricións poden formalizarse na OMIX (Oficina Municipal de Información Xuvenil) do Concello de Mondariz, co teléfono 986 66 43 06; ou nos correos comunicacion@concellomondariz.com ou turismo@concellomondariz.com

O éxito acadado por 'OrientaTEA', proba de orientación dirixida a adultos, animou ao Concello de Mondariz a poñer en marcha este tipo de iniciativas dirixidos ao sector máis novo da poboación.

Aberto o prazo de inscrición para o Campaverán 2018 en Mondariz

O Concello de Mondariz, a través da Oficina Municipal de Información Xuvenil, OMIX, vén de poñer en marcha unha nova edición de Campaverán.

A actividade, que abriu o prazo de inscrición o 4 de xuño e que permanecerá aberta ata o vindeiro 21 de xuño, está dirixida a nenos e nenas con idades de entre os 3 e 12 anos e se desenvolverá nas instalacións do colexio de Vilar-Riofrío.

O horario será de 09:30 h a 13:30 h, se ben, de cara a facilitar a compatibilización cos

horarios laborais das familias, o horario pode ser ampliado unha hora na entrega e recollida dos cativos e cativas.

O prezo é de 30 euros para 15 días, 55 euros para todo o mes e, unha cota de 100 euros para os dos meses de actividades.

Para formalizar a inscrición ou acadar máis información, as interesadas e interesados poden dirixirse á OMIX, no Concello. Tamén poden facelo a través do teléfono 986 664 306 ou no correo electrónico omix@concellomondariz.com

VERÁN 2018

CAMPAMENTO

no CEIP de RANDUFE - TUI

do 22 de xuño ao 7 de setembro

Actividades lúdicas, plásticas, educativas e culturais.

maxia / talleres / deporte / cociña / teatro / xogos de auga ...

... e moitas sorpresas e diversión

IDADES: nenas e nenos de 3 a 12 anos

HORARIOS: de 9:00 a 14:00 h.
Madruga: de 7:30 a 9:00 h.
Comedor: de 14:00 a 16:00 h.

* Descostos para irmáns e para socios da ANPA de Randufe e para os AFFECTADOS da explosión de PARAMOS

140 €/Mes
opcións quincena, semana, días soltos

Inscricións e máis info:
655 060 360
655 060 370
info@chrlomirto.es

Colaboran:
CEIP RANDUFE
ANPA RANDUFE

CHIRLOMIRTO

PONTEAREAS

Ponteareas inaugura o Centro de Interpretación do Tea

O concello de Ponteareas inaugura o vindeiro sábado día 16 o Centro de Interpretación do Tea (CITEA) que se enmarca dentro do proxecto da senda do Tea.

Con esta iniciativa o goberno local porá en valor toda riqueza non so medioambiental se non tamén patrimonial e etnográfica dos arredores das beiras do río.

No centro de interpretación atoparemos paneis informativos sobre a flora, a fauna e introducción á historia usos e costumes vinculadas ao río Tea. Ademais, hai un proxector que ofrecerá vídeos temáticos e os visitantes poderán ver a maqueta do curso do río Tea dende o Suido ata a desembocadura na Fillaboa.

No exterior do CITEA haberá un panel didáctico informativo dixital de uso táctil para todos os visitantes que se acheguen fora do horario de atención ao público.

A inauguración arrancará cun roteiro guiado de dificultade media que partirá ás 18:00 horas das pistas de tenis da Freixa e rematará no centro cultural de Fozara lugar donde se ubica o CITEA. A ruta será liñal así que a organización recomenda deixar parte dos coches no punto final para facilitar o regreso.

O río Tea é o río principal da comarca do Condado que realiza un percorrido de 50



quilómetros ata a súa confluencia co Miño. Nace das correntes que baixan das serras do Suido e do Faro de Avión, no concello de Covelo. Atravesa este municipio, o de Mondariz e o de Mondariz-Balneario con dirección nordés-sudoeste ata introducirse no de Ponteareas, aproveitando unha fractura tectónica. Neste territorio adopta unha orientación norte-sur que tamén mantén no seu paso polo concello de Salvaterra de Miño, onde desemboca na parroquia de Arantei. Ao longo deste itinerario o seu caudal enriquecese coas achegas hídricas de varias correntes, especialmente coas do río Borbén, pola dereita, e as do Uma e Xabriña, pola esquerda.

Outros tributarios importantes son os regos de Mouro, Cillarga, Ponte Pardellas ou da Barxa e os ríos Portapiñeiros, Aboal, Alén, Xinzo, ou Caraño. Tanto por caudal coma por lonxitude, o Tea é o afluente máis

destacado da conca baixa do Miño. Boa parte do curso fluvial foi declarado, en 2001, Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) polo valor ecolóxico que alberga a súa flora e fauna, entrando a facer parte da Rede Natura 2000 da Unión Europea.

Ao longo do seu curso podes gozar de 12 km dun sendeiro que transita xusto á beira do río entre os concellos de Mondariz, Mondariz Balneario e Ponteareas. Existe, ademais, un ramal interior de 5 km que discorre por camiños tradicionais ao longo das parroquias ponteareas de Fozara, Padróns e Ribadetea.

Durante o percorrido do roteiro coñeceráse os aspectos máis relevantes tanto medioambientais como naturais que arrodean as beiras do Tea.

Todos os interesados deberán preferiblemente inscribirse telefónicamente no teléfono 986 66 07 65 (biblioteca) ou en medioambiente@ponteareas.gal

Os III Xogos Florais entregan os seus premios



María Cayetana Herrero e Giovanna Carvalho premiadas na categoría infantil e xuvenil respectivamente, entre outras poetisas

A concellería de Cultura entrega os premios dos III Xogos Florais. O xurado do concurso de poesía "III Xogos Florais de Ponteareas" formado por Hortensia Bautista Fernández, concelleira de Cultura en quen delegou

o Alcalde, Roi Vidal Ponte, Marta Dacosta Alonso, Diego García Represas e Manrique Fernández Vázquez, e como secretaria Sofía Rodríguez Suárez traballadora da Biblioteca Municipal, avaliou os trinta e un traballos presentados na categoría, os catro da categoría xuvenil e os nove da categoría adultos.

Os traballos premiados serán publicados nunha edición conxunta.

Categoría infantil:

"Os meus gatiños" de M^a Cayetana Herrero Iglesias.

"Carta de amor" de Valeria Estévez López.

"Ponteareas" de Anxo Fernández Cambra.

Categoría Xuvenil:

"Desgaste" de Giovanna Carvalho Carneiro.

"Princesas" de Sara Seijo Vila.

"Aquela mente" de Gala González García.

Categoría Adulto:

"Un home común" de Fátima Domínguez Silva.

"Queima" de Pilar Alonso Suárez.

"Vida estelar" de Carla Leándrez Dosantos.

BODEGUILLA PULPERIA
TAPERIA
BERCEO

Rosalía de Castro, 6
PONTEAREAS
Teléf. 986 660 826

ASER GALICIA
CENTRO DE NEGOCIOS
ASESORÍA DE EMPRESAS

salvaterra@asergalicia.com 986 664 292
Curros Enríquez, 8 . Salvaterra de Miño
asesoria@asergalicia.com 986 640 015
Rúa Redondela, 11 . Ponteareas

AGROITIS

Análises de Viño - Asesoramento Técnico
Productos Agrícolas, Enolóxicos e fitosanitarios

986 642 507
Rúa Ciclista Delio Rodríguez, 4 baixo
Ctra. de Salvaterra Ponteareas

OPINIÓN

Cadernos da viaxe

■ Xoán Antón Pérez-Lema

O cerne do sistema parlamentario

Semella increíble que haxa que lembrar, ao xeito das profesoras e mestres, que nun sistema parlamentario goberna a maioría absoluta dos deputados e non a minoría maioritaria, a candidatura máis votada sen maioría abondo. Na falta dunha maioría absoluta será normalmente esa candidatura máis votada á que habería percurar un acordo estábel con outras forzas, mais esa maioría pode vir do pacto entre o segundo, terceiro e quinto máis votado. A ladaíña de que goberne a candidatura máis votada é un argumento do guieiro da dereita española que lles aprenden cando son cativos,

conscientes da súa xenética incapacidade de chegar a acordos estábeis con outras forzas por mor do seu xorne autoritario.

Outro principio fundamental da democracia é que os votos dos deputados elixidos pola cidadanía valen igual. É dicir, que a deputada que ten unha idea de España moi distinta do supremacismo españolista do PP e Cs conta tanto coma as destes. Pedro Sánchez ten só 84 sobre os 350 deputados do Congreso. Mais obtivo o voto doutros 96. O feito de que moitos destes sexan da “cáscara amarga” (para eses voceiros mediáticos dos millóns de españois que aínda

profesan o franquismo sociolóxico) non lles tira ningún valor democrático. Logo de obter representación parlamentaria todos os votos dos deputados valen igual. 180 constitúen a ampla maioría absoluta no Congreso e os 169 do PP e Cs a clara minoría. Un prato é un prato.

Pasou o que pasou porque se cumpriu o principio fundamental dunha democracia parlamentaria: acadar unha maioría parlamentaria. E os deputados do PSOE obtiveron o concurso dos de Unidos Podemos, ERC, PNV, PDECAT, En Comú Podem, En Marea, Compromís e EH-Bildu baixo a premisa de salvarmos a dignidade institucional, gravísimamente fanada pola corrupción orgánica do PP.

Mais é evidente que axudou xuntar

esta maioría o afastamento do PP da cidadanía e dos intereses das maiorías sociais. Porque eu, que trato

decote pola miña profesión cun amplísimo espectro de persoas, non vexo xa na vida cotiá persoas como as que cesan estes días. Xente como os ex ministros Iñigo Mèndez de Vigo, Juan Ignacio Zoido ou Jorge Fernández Díaz, máis antigos ca o fio negro.

Vostedes tampouco, verdade? Son os herdeiros do franquismo sociolóxico que saen do foco. Mais teñan conta. Polo de agora saen. Mais segue habendo moitos, malia que vostedes non traten decote con eles.



O español de dereitas e o español de esquedas

Nuns poucos meses cumpríase o primeiro centenario da famosa frase do escritor catalán Josep Plà cando definiu que o máis semellante a un español de dereitas era un español de esquedas. Comezaba o outono do 1918, o da gripe española, a fin da primeira guerra mundial e a conversión das Irmandades da Fala en movemento nacionalista galego na I Asemblea de Lugo. Daquela Plà e o seu xefe político, Francesc Cambò, estaban moi lonxe de financiar o franquismo ou de espiar para Franco (como remataron

por facer) e acreditaban nunha evolución democrática do Estado que priorizase a autonomía das nacións galega, catalá e vasca. A Lliga que dirixía Cambò foi o principal financiador das campañas dos candidatos galeguistas do outono de 1918, nas que sobrancearon Lois Porteiro Garea e Antón Losada Diéguez.

Segue sendo un español de dereitas o máis semellante a un español de esquedas? Si e Pedro Sánchez vens de amosalo. Nomeou ministro de Asuntos Exteriores a Josep Borrell, hooligan

do unionismo máis extremista. Un escollido orador da demostración do 8-Ou que non virou o fuciño ao apoio de Somatemp e organización desta caste ás sucesivas mobilizacións unionistas.

O madrileño cedeu ás presións de determinados persoeiros de Interior que non querían a volta ao ministerio da xuíza Margarita Robles por mór do seu activismo nos 90 para limpar o lixo dos GAL. E velaí o nomeamento do maxistrado Grande-Marlaska, proposto polo PP para o Consello Xeral do Poder Xudicial e sempre favorábel ao Goberno e aos xefes do Ministerio do Interior nas súas pescudas xudiciais na Audiencia Nacional. Que llelo conten aos familiares dos militares mortos no accidente do avión Yak 15

Engadiulle Sánchez estes dous nomeamentos chave coa escolla dunha vicepresidenta taurófila e negociadora do golpe do 155, que implantou en Catalunya e no Estado todo un estado de excepción non declarado.

É verdade que hai máis proactividade no empoderamento de mulleres, na promoción de persoeiros representativos de cadansúas carreiras profesionais e dunha meirande modernidade no estilo, fronte ao estilo caduco de Rajoy, Mèndez de Vigo ou Juan Ignacio Zoido. Mais as tres principais carteiras do novo Goberno amosan a súa radical falla de sensibilidade a respecto da plurinacionalidade do Estado e dos sectores máis sensíbeis coas liberdades públicas.

O Quilombo apoia a marcha contra Celuloses

O Quilombo [www.oquilombo.no-blogs.org] apoia a marcha contra Celuloses deste sábado, 16 de junho. Convocada pola APDR (Asociación pola Defensa da Ría), a manifestación sairá das Alamedas de Ponte Vedra e de Marim ás 19:30.


Exigimos-lhe ao Goberno español, agora em mãos do PSOE, que anule a prorrogação de 60 anos concedida a ENCE em 2016 —como diz que faria— assim como a concessão de Elnosa. Mais umha vez, a luta nas ruas será a

chave para consegui-lo.

Aliás, denunciámos a conhecida co-nivência política do PP coa fábrica, mesmo mudando leis co objetivo de manter na ría este engendro. Lembremos que até três membros do Conselho de Administração da empresa —Isabel Tocino, Carlos del Álamo e Pascual Fernández— ocuparam cargos públicos de responsabilidade em matéria de Meio Ambiente e Águas. O peche do complexo é necessário para poder recuperar a ría, mas este pro-

blema nom afeta só à comarca: todo o país padece a eucaliptização e os lumes que, ano após ano, destroem a Galiza.

Aproveitamos este comunicado para saudar a luta de Touro e o Pino contra a mina, mais umha mostra das políticas coloniais às que nos vemos sometidas as galegas. Tanto Celuloses como a mina nom som senom síntomas desse cancro que é o capitalismo, e consecuencias dum modelo de desenvolvimento, produção e consumo que nos condena a umha vida miserável. Frente a isto, nós apostamos e apoiamos, na medida das nossas possibilidades, o consumo local e ecológico.



Carlos Méixome

Dende a Coruña a Baiona

A Oliveira, o escultor dos cabalos, cando lle encargaron unha estatua en lembranza do rei Afonso, o oitavo de León e Galicia, ocorréuselle dobrar o pulso real para que o índice sinalase o lugar ao que o monarca impoñía “de novo nomen Baionam”. Coido que foi a última obra pública que realizou e encargóuselle por mor do oitocentos aniversario daquel sete de maio de 1201 no que o monarca rebautizou a vella Erizana.

Aínda que non temos o documento auténtico, si chegaron ata nós copias, e interpretacións, do mesmo. Prudencio de Sandoval, bispo de Tui entre 1608 e 1612, deixounos unha paráfrase e un comentario. Imaxino eu que, ao mellor, escrito ao frescor dos carballos que abeiraban a casa de don Diego Sarmiento de Acuña, onde acudía o ilustre historiador a pasar os veráns afastándose do caloroso Tui.

O historiador tudense Francisco Ávila y la Cueva, no século XIX, identificou o lugar en que o rei asina a carta foral, Faro, cunha das illas Cíes e, con posterioridade, toda a literatura que menciona o feito cae no mesmo erro.

Tras un demorado traballo de in-

vestigación, o profesor Navaza vén de demostrar que o Faro no que se asinou o documento real non é a illa de Santo Estevo de Sías, como se denominaba xa daquela, senón que se trata da actual cidade da Coruña,



chamada, na altura, Faro, antes de que o propio rei Afonso lle mudase o nome polo de Crunia.

Gonzalo Navaza achega documentación abonda e capacidade analítica en dous traballos (“A orixe literaria do nome da Coruña” en Revista Galega de Filoloxía, 2016, 119-164 e en “A

intervención régia na toponimia galega medieval. Os nomes de Afonso IX (1188-1230)” en Guavira Letras, nº 25, 2017). Sabemos ademais que leva tempo dándolle voltas a outro centrado só na denominación de Baiona. Xa nos dous sinalados nos achega resultados concretos.

Por exemplo, a Erizana que borrou o rei galaico-leonés, procedería, agardando, segundo o noso amigo dos topónimos, poder descartar unha orixe antroponímica, dun derivado do substantivo “Ericium”. Trataríase pois dun zootopónimo referido á abundancia de ourizos de mar, fenómeno que ben coñecen as xentes de entre Baiona e Silheiro. Navaza achéganos un documento do mosteiro de Oia onde se pode ler: “...de Hiriçaa a que hora dizen Bayona”.

A segunda achega de Navaza consiste en desbotar as hipótese etimolóxicas que supuñan que o topónimo era anterior ao renomeamento afonsino, quizais referido a unha parte de Erizana, e que non se coñecía por falta de documentación. Xustamente esta ausencia e a de que os reis medievais non recorían a topónimos locais para escoller o novo nome das vilas reguengas é o que leva ao investigador a desbotar calquera dúbida sobre que as vilas así denominadas na península son ecos da cidade que en francés se es-

cribe Bayonne; en galego, vasco e gascón, Baiona e en castelán Bayona.



Mais, cal é o motivo destes dous renomeamentos? Parece evidente que na súa política de recolocación e reasentamento poboacional, tras a escisión do condado portugalense, emprendida tanto por Fernando II como polo seu fillo Afonso, está a pretensión de converter as vellas vilas de Faro e Erizana nos grandes portos do seu reino. Así sería durante séculos. Baiona e A Coruña foron os portos atlánticos de referencia, ata que o escaso calado do protexido polo Monte Real desprazou as embarcacións cara ao de Vigo.

Estaría pois o rei Afonso, nos dous casos; tanto expresando o desexo de contar con portos á altura do situado no Golfo de Gascuña como dunha especial atención á corrente cultural que circulaba polo camiño de Compostela pero brotaba entre outras na corte de Poitiers, no ducado de Aquitania, de onde procedía a súa segunda esposa Berenguela, filla de Afonso VIII de Castela e Leonor Plantagenet; neta, xa que logo, nada máis e nada menos que de Leonor de Aquitania e Henrique II de Inglaterra.

Xirabamos arredor de Europa e ela arredor de nós.

Xornal galaico-portugués busca
XORNALISTA e COMERCIAL para ALTO MINHO
 Condicións excelentes. Precísase curriculum e experiencia
 Dirixirse a: redaccion@novasdoeixoatlantico.com



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
 T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursos espanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
 Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
 (36860 PONTEAREAS - GALIZA)
 T. 986 64 12 69
redaccion@novasdeturonio.com
Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxio Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luis Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 226-2018

OPINIÓN

Baldomero Iglesias Dobarrio. Mero

O silencio non tapa responsabilidades

Ben de certo -e sabémolo absolutamente- é urxente a rexeneración da democracia. Ata aquí chegamos, isto non é o que din, nin ten pinta de selo. Dino os nosos veciños desde a Europa do comercio que estamos vellos e obsoletos. Está avanzando este tipo de autoritarismo, ecos do pasado, que se manifesta en leis mordaza, leis de educación desigual, leis de preferentistas que se evaden, leis de silencios e ocultamentos, leis de privación de dereitos humanos evidentes, en apoios aos débiles, aos maiores, aos enfermos, á memoria sen reparar, ás débedas de sempre, ...a tantas cousas! E aparece un novo goberno do estado e, seica, que quere facer pequenos parches nas leis que idearon os herdeiros daquela untuosa dereitona da ditadura? Estes que agora están tiveron a tentación dunha purga e da ostentación do poder xuntándose, fixeron ben, pero deben coidarse en modos. Non temos tempo de desilusionarnos de novo. Cómpre esa rexeneración ilusionada, a do respecto, a do diálogo, mesmo nos que se din demócratas sen selo,

pero todos deben gardar as formas e os fondos, sen quedar en aparencias. Si, porque estes que agora chegan, tamén se deixaron contaminar de silencios, de permisividades, de acomedos: tamén lles vai o materile! Pero se a memoria non nos falta, non foi así a súa loita, tamén calaron, sen armar moito lío diante do roubo dos dereitos fundamentais, dos niveis éticos que se esixen como bandeira de dignidade humana. Esta situación actual non só é culpa dos que a impuxeron, tamén -e para a súa desgraza- dos que a consentiron, ás veces con axudas incomprensibles, e tamén eran eles nos corredores dos edificios do parlamento. O peor, digo, e que se fixo e non ergueron a voz, con enfado, con rotundidade, con insubmisión, mesmo con escándalo. Agora poden demostrar a súa intención, se queren. Aí están exercendo no goberno pero, non esquezamos, eran os que calaban, pactaban, ou escapaban dos berros de “non nos representan”. E agora, hannos representar? Non sentín dicir nada de Galiza cando falaban de nacións do estado. Non será

que xa se esqueceron de nós, que eles tamén viven no acomodo ousado do poder que todo contamina? Ou é que miran e ven as cousas, xa, doutro xeito? Será que non están abaixo canda nós, tocando terra, suando, sentindo os berros desesperados dos que sofren a inxustiza que queren facer xusta? Que non deixen de escoitar, que sumen as súas reivindicacións ás nosas e, distantes do seu escano, se sintan responsables tamén desta desfeita que castiga aos abeirados. Xa están presentes e protagonistas, deben loitar con todas as forzas contra o roubo dos intereses sociais, aqueles primordiais que son os que máis ofenden aos seus supostos representados. Vimos de atrás, de onde os que mandaban fixeron da corrupción un costume, un hábito de comportamento. Levaron a liberdade de expresión, de cátedra, de asociación e protesta, de comportamentos solidarios, de empatías fundamentais para avanzar e debater obxectivos alternativos ao retroceso, ao regreso, á persecución. Fixérono en abuso de poder, mentres nos queriamos sentir libres e nun es-

tado libre,
lonxe deses
absurdos con-
tubernios do
mal e das re-
accións ca-



vernícolas que impiden as mellores condicións para os seus votantes. Que menos! Pero hai certa preguiza parlamentaria que os inmoviliza, xa se ve que falta contundencia para defender ao pobo das agresións que outros propoñen. Non se xustifiquen no consenso. Non abandonen na falta de sensibilidade para apreciar o que pasa nas rúas. Nesas mesmas rúas que se enchen pedindo “sentidiño” cos sectores máis sensibles da sociedade. Miren as manifestación de pensionistas reclamando dignidade, de mulleres reclamando xustiza. O risco está sempre no silencio consentidor. Agora é cando mellor o poden aprender. A maioría da xente está indignada co comportamento dos políticos, sen excepción. A xente non se sente escoitada nin tratada. Os administradores deben atender e entender, pois cada persoa ten a razón que ten, e ve vulnerados os dereitos que deberan estar garantidos dentro dun trato xusto democrático. Ese que nos queda tan lonxe!

Ana Miranda leva a Europa a reclamación para ilegalizar a Fundación Franco

A eurodeputada do Bloque afirmou que o presidente do goberno ten “unha oportunidade histórica” de executar a ilegalización

A eurodeputada do BNG, Ana Miranda, interveu no Parlamento Europeo para poñer de relevo a “anomalía democrática” que supón que no Estado Español exista unha fundación como a Fundación Franco, polo que reclamou a súa ilegalización.

“Existe en Alemaña unha fundación Hitler? Non. Existe en Portugal unha fundación Salazar? Non. Existe en Italia unha fundación Mussolini? Non. Mais na España si existe a fundación nacional Francisco Franco”, indicou Ana Miranda

ao comezo da súa intervención, na que destacou que esta fundación fai apoloxía da ditadura española que se prolongou durante máis de 40 anos.

Para o BNG é intolerable que en Europa se faga apoloxía do fascismo, polo que Miranda destacou que o actual presidente Sánchez ten “unha oportunidade histórica de ilegalizar a fundación Franco”.

A europarlamentar nacionalista criticou asemade que esta fundación denuncie manifestantes pacíficos que loitan contra o fascismo, como

os 19 pacifistas que entraron no pazo de Meirás o pasado 30 de agosto, “por delito de odio”. Lembrou que estes manifestantes pedían a devolución deste inmovble, que actualmente pertence á familia Franco, ao pobo galego.

“É o mundo ao revés, unha fundación que fai apoloxía do fascismo denunciando a activistas pacíficos por delitos de odio”, afirmou a eurodeputada, quen asegurou que o Bloque seguirá reclamando a devolución das propiedades usurpadas polo ditador, non só o pazo de Meirás, senón tamén a Casa Cornide e as esculturas de Isaac e Abraham, cuxo lugar orixinario é a catedral compostelá.



O Celta asina convenios cos clubs deportivos de Mos

Alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, o concelleiro de Deportes mosense, Baldomero Lorenzo, e os presidentes dos clubs deportivos Unión Deportiva Mos e Club Louro-Tameiga, Pablo Alonso Serodio e Patricio Farrapeira, respectivamente, acudiron á sede do Real Club Celta en Vigo para asinar sendos convenios co Presidente do R.C. Celta, Carlos Mouriño, e co Director da Fundación Celta, Germán Arteta.

Cada un dos clubs mosenses asinou dous convenios de colaboración co Celta, un para a creación das Escolas Deportivas de Fútbol e outro para a posible incorporación de xogadores de diferentes categorías da U.D. Mos e do Club Louro aos equipos de Fútbol Base do Real Club Celta.

No caso dos convenios para a creación dunha Escola Deportiva e de Fútbol, mediante a súa sinatura a Fundación Celta comprométese a organizar unha escola de fútbol entre os meses de agosto e xuño de cada ano, desde a categoría prebenxamín á categoría infantil; con clases que se desenvolverán de luns a venres en horario de 17.00 horas a 21.00 horas.

A Escola realizarase no máis alto standard de actuación da



Fundación Celta coa estrutura das sesións de adestramento enfocada a conseguir unificación de ideas e modelo de xogo. Implantarase a metodoloxía do modelo de tecnificación baseado en Categorías Inferiores do Real Club Celta e fomentarase a xeración de hábitos (escola de valores, nutrición, dirección de equipos...) así como obradoiros de formación continua a partir dunha implantación metodolóxica característica do R.C. Celta.

Haberá un responsable específico do departamento de coordinación deportiva do R.C. Celta para o control e seguimento do traballo realizado nos clubs mosenses e este monitor estará nas sesións de adestramento dos clubs al menos unha vez á semana.

Os adestradores/monitores dos clubs de Mos tamén asistirán aos adestramentos do

fútbol base do Celta en A Madroa para ver in situ e/ou participar activamente nas sesións.

Sempre permanecerá aberta unha canle de comunicación continua entre os clubs e o Celta para a valoración de accións comúns ao longo da tempada.

O convenio de Escola Deportiva e de Fútbol ten unha duración de tres tempadas, 2018-2019, 2019-2020 e 2020-2021, prorrogable.

Por outra banda, no caso dos convenios para a posible incorporación de xogadores de diferentes categorías da U.D. Mos e do Club Louro aos equipos de Fútbol Base do Real Club Celta, estes nacen do interese do Real Club Celta nos xogadores que os clubs mosenses veñen formando nas súas diferentes categorías e que o club celeste estaría in-

teresado en incorporar aos seus equipos de Fútbol Base.

Coa sinatura destes convenios Unión Deportiva Mos e Club Louro Tameiga poñen a disposición do Celta aos xogadores adscritos aos seus equipos federados correspondentes ás categorías prebenxamín, benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil. A posta a disposición dos xogadores necesitará sempre do consentimento do club de orixe, dos xogadores e dos seus pais e/ou titores.

Este convenio de colaboración ten unha duración de tres tempadas dende a 2018-2019 á 2020-2021, ambas inclusive; e polo mesmo os clubs mosenses terán unha serie de prestacións ou vantaxes coma o acceso gratuito aos partidos de Liga na grada de Gol para os xogadores das categorías de prebenxamín, benxamín,

alevín, infantil, cadete e xuvenil e un pai ou responsable que acompañe ao grupo; un 10% de desconto nas tendas oficiais do Celta, entrada gratuita ao Museo do Celta e descontos nos Campus de Verán e Escolas de Fútbol. Así mesmo o Celta comprométese a realizar talleres de formación de forma periódica para a actualización de conceptos entre adestradores dos clubs mosenses, que serán impartidos por técnicos titulados do Real Club Celta. Ademais o club celeste se compromete a realizar un Clinic de Fútbol dun mínimo dun día de duración en datas de Nadal ou Semana Santa e/ou un Campus de Verán FC de unha semana de duración como mínimo, entre os meses de xuño a agosto, durante cada unha das tempadas que dura o convenio.

Por último, e na medida que os compromisos adquiridos o permitan, o Celta participará nalgún torneo ou partido amistoso de fútbol base que organicen os clubs mosenses. E igualmente que estes poidan contar coa presenza dalgún directivo e/ou xogador da primeira plantilla do Celta en actos, xornadas e eventos de carácter deportivo que organicen a U.D. Mos e o Club Louro-Tameiga.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B · 36860 PONTEAREAS · T. 986 66 00 00 · F. 986 66 01 03

NOVAS DA RAIA


Concurso de Gaita e Tamboril e Día da Muiñeira en Tui

A música tradicional será protagonista esta fin de semana en Tui coa celebración do IV Concurso de Gaita e Tamboril o sábado, e do V Día da Muiñeira organizados pola Asociación Xuvenil e Cultural San Telmo coa colaboración do Concello de Tui.

A presentación destas actividades tivo lugar na casa do concello a cargo do alcalde, Carlos Vázquez Padín, o concelleiro de Cultura, Eduardo Freiría, Conchi Sales, presidenta, e Verónica Morais, vogal, da Asociación Cultural e Xuvenil San Telmo.

O alcalde de Tui, Carlos Vázquez Padín, agradeceu á Asociación San Telmo a recuperación destas iniciativas que formaban parte da nosa tradición musical e cultural. Aspecto que destacou tamén o concelleiro de Cultura, Eduardo Freiría, quen felicitou a este colectivo polo labor de recuperar actividades tradicionais.

Conchi Sales explicou que dende a Asociación Cultural e Xuvenil San Telmo que presidente buscaron dende a súa creación a recuperación de tradicións e costumes ligadas á cultura tradicional en Tui e no Baixo Miño. Así retomaron hai cinco anos o Día da Muiñeira, que segundo apuntou deixara de celebrarse en Tui en 1995, e ao ano seguinte convocaron o Concurso de Gai-



ta e Tamboril que desaparecera nos anos 50.

O IV Certame de Gaita e Tamboril celebrárase o sábado, 16 de xuño, ás 20.30h na praza de San Fernando con seis participantes de Tui, Pontevedra, Vigo, Ourense, Santiago e Ferrol. O xurado estará formado por Antón Corral, Anxo Lorenzo, Lorena Freijeiro e Andrés Vilán.

No transcurso do IV Certame de Gaita e Tamboril renderase homenaxe a José Luís Alonso Pérez, gaiteiro nado en 1934 en Tomiño e da man do seu pai Ramón Alonso "O Pirico" aprendeu a tocar a gaita e a caixa. Formou parte de treboadas e murgas no Baixo Miño e de grupos coma Os Terribles de Tomiño, Os Alvaríños do Rosal e de Os Beiramiño.

Mentres o domingo ás 20.30h dende a Área Panorámica comezará o desfile do Día da Muiñeiras coa partici-

pación de máis de 200 persoas pertencentes aos grupos Inquedanzas da Asociación Cultural Aloia de Pazos de Reis; Saragana da Asociación Cultural e Xuvenil do Traxe Tradicional de Tui; O Mosteiro da Asociación Cultural O Mosteiro de Pexegueiro; Santa Columbra da Asociación Cultural Santa Columba de Ribadelouro; Ata-deiras da Asociación Folclórica Vento Mareiro da Guarda; Anaquíños de Chapela de Redondela; Flores do Galiñeiro da Asociación de Veciños Galiñeiro de Vincios de Gondomar; Leticias do grupo folclórico C.C.A.R. de Valadares de Vigo; Vento Mareiro de Sampaio de Vigo; Rematarán no Paseo da Corredoira onde de xeito conxunto interpretarán a Foliada de Amoeiro, Muiñeira do Chao, Xota do Vilariño e Muiñeira de Rudís, que serán interpretadas polo grupo de gaitas "O Mosteiro" de Pexegueiro.

Presentación da toponimia de Vilaza - Gondomar

A parroquia de Vilaza súmase a Chaín, Couso, Mañufe, Borreiros e Donas coa recollida da toponimia que se presentará o sábado 16 de xuño no Centro Cultural cun roteiro e unha charla.

O Concello de Gondomar avanza cara o seu obxectivo de recoller a toponimia de todo o municipio cunha nova parroquia completada. O traballo, realizado coa colaboración do Instituto de Estudos Miñoráns rematou coa xeolocalización de 438 topónimos, entre muíños, veigas, vivendas, cotos ou montes. Ademais, esta recollida inclúe tamén tradicións, lendas e historias aportadas polos veciños que forman parte, xunto coa toponimia, do patrimonio cultural

inmaterial da parroquia.

A toponimia pode consultarse nas páxinas web do Concello de Gondomar e do Instituto de Estudos Miñoráns, onde o mapa da parroquia mostra os topónimos xeolocalizados no territorio.

A presentación será o sábado 16 ás 18:30 da tarde. Comezará cun roteiro guiado por Antonio Soliño e Noelia Pérez, con punto de partida no Centro Cultural de Vilaza, durante o cal os veciños poderán coñecer un pouco mellor O Barreiro e o seu pazo, os camiños e as presas da zona. A continuación terá lugar a presentación no Centro Cultural.

A recollida foi realizada por Noelia Pérez Blanco e Rita Fernández Domínguez.

Poesía Viva e Leda Atómica no Bar Liceum

Unhas das bandas de pop brabú mais prometedoras de Galicia, Leda Atómica, compartirá velada coa escritora Beatriz Alonso Cabaleiro Bar Liceum, o sábado 16 de xuño ás 23 horas. O prezo será de catro euros e de tres anticipada.

Tras deleitarnos cun recital da súa escolma de poemas de viaxes xunto co guitarrista mosense, Lois Sío, xunto a quen conforma o dúo Poesía



Viva, abrírase paso a maqueta "Entretenimientos didácticos" da banda cambadesa Leda Atómica.



Comunidades, Colexios, oficinas
cristalerías, moquetas, abrillantado
de suelos, primeiras obras,
limpeza de fachadas

Rúa As Lavandetas, 3 Baixo
36860 PONTEAREAS
Telf. y Fax: 986 661 052

EMILIO seguros



DECECOS · HOGAR · JUBILACIÓN · AHORRO · ACCIDENTES, ENFERMEDAD
VIDA · COMERCIO · PYMES · COMUNIDADES · R. CIVIL · AUTÓNOMOS · Etc...
telf. información: 609 544 351

Forjados
Hnos. Duran S.L.



Fábrica y Oficinas:
Santiago de Ribademe, 1
36447 AS NEVES (Pontevedra)

Teléf. 986 648 150
Fax: 986 648 030
e-mail: duran@forjadosduran.com
http: www.forjadosduran.com

Caballero destaca a "transformación da cidade" no terceiro ano do seu terceiro mandato ao fronte do goberno vigués

Abel Caballero fixo este mércores día 13, balance de xestión no terceiro ano do seu terceiro mandato nun acto no Auditorio Municipal no que estivo acompañado de todo o seu equipo de goberno e por representantes dos sectores económicos, sociais e culturais da cidade.

O alcalde de Vigo destacou durante a presentación a "transformación da cidade" ao longo dos últimos tres mandatos e sinalou que "o noso proxecto continuará" con grandes obras para levar a cabo o "maior cambio vivido na historia da democracia en Vigo".

Caballero contrapuxo o investimento levado a cabo polo goberno local en políticas sociais fronte ao resto das cidades galegas. No plano político, o alcalde recordou que por primeira vez a Deputación de Pontevedra está sendo dirixida por unha viguesa, a primeira tenente de alcalde, Carmela Silva.

Na presentación do balance, arrancou o alcalde repasando as 150 rúas que foron humanizadas nos últimos dous anos e que xa forman parte das 900 que se remodelaron nos últimos anos en todas as parroquias e no casco urbano. Entre as novas humanizacións, referiuse a Rosalía de Castro,



contorna de Marqués de Valterra, Estrada Provincial e Estrada de Porto (Beade), zonas que herdamos nunha situación "lamentable".

Seguindo coas melloras, referiuse aos 170 parques, novos ou reformados, entre eles o macro parque de Castrelos ao que proximamente se van sumar o de Venezuela, o de Navia ou o de Teis. Ademais dous novos skateparks, un en Navia e outro en Barreiro. Segue crescendo o número de parques biosaudables e xa son 85 (no ano 2007, había só 1). Máis de 6.000 árbores plantadas nas rúas e 40.000 en parques e zonas forestais son outras das cifras que hoxe formaron parte do balance de xestión de Caballero.

O alcalde tamén destacou a política medioambiental e a posta en marcha do proxecto para crear o novo anel verde que defenda a cidade fronte aos incendios. Precisamente, a situación vivida o pasado mes de outubro foi destacada por Caballero como exemplo de colaboración entre todos os corpos policiais, voluntarios e cidadanía.

O alcalde puxo en valor a política social aplicada polo goberno de Vigo en comparación ao resto de Galicia, a máis importante das cidades de España en función da poboación, con o único albergue municipal, con axudas ao pago de vivenda, de enerxía e de alimentación. Tamén enfatizou o apoio á educación

pública, con 5.000 bolsas de comedor escolar, o programa "Vigo en Inglés", as escolas infantís e a UNED de Vigo, con trece titulacións no Mar de Vigo.

Igualmente, destacou que os vigueses son os galegos que menos impostos pagan e amosou a presión fiscal que deben pagar os cidadáns do resto de cidades de Galicia fronte aos de Vigo. O alcalde tamén referiuse á recuperación do aeroporto de Vigo, incluíndo os últimos problemas co ILS creados pola "mala planificación" do Goberno de España, e á designación de Vigo como o concello galego máis transparente.

Destacou tamén o proxecto do Vigo Vertical, coa segunda

fase das escaleiras da Segunda República en obras e o inicio de proxectos en San Salvador, no parque Camilo José Cela e en Carral. Engádesse o EDUSI, financiado con 15 millóns de fondos FEDER e outros 3,5 millóns municipais, para levar adiante accións do Vigo Vertical, por exemplo, na Gran Vía.

No acto, Abel Caballero aludiu aos grandes proxectos conseguidos ou en marcha, como a remodelación do estadio de Balaídos, a nova depuradora, a rehabilitación da Panificadora, a apertura da sede viguesa da UNED, a peonización da Porta do Sol ou a campaña Illas Cíes, Obxectivo Patrimonio da Humanidade.

FUCO PRADO



MISCELANEA

O BNG, leva ao Parlamento o impacto acústico no Viaducto de Redondela

Dende hai un ano o ADIF (Administrador de Infraestructuras Ferroviarias), acometeu as obras de mantemento do Viaducto a Pontevedra ou “dos Carballos”, en funcionamento dende o ano 1884. As obras están auspiciadas pola Autoridade Portuaria de Marín, cunha inversión de 2'5 millóns de euros.

En xuño do 2017 o Bloque Nacionalista Galego, presentaba unha moción no Concello de Redondela na que chamaba a atención sobre esta actuación “que non recollía unha mellora do impacto acústico que sobre os veciños, e as vivendas colindantes deste Viaducto, estase a sufrir a cotío”. Ademais cuestionábase parte das obras e o seu resultado final.

Recorda que este mantemento afecta a toda a infraestrutura, cuxo “principal obxectivo constitúeno a renovación de elementos que permitan o paso de trens de mercadorías de ata 22'5 toneladas por eixo”. Deste xeito, preténdese reforzar unha infraestrutura que permita o paso de convois de mercadorías de maior volume, de aí que



sexa un ente comercial quen paga as obras.

O edil nacionalista, Xoán Carlos González desdó o afirmado polo alcalde Javier Bas de que se trata dunha inversión para Redondela froito das súas xestións. “Estamos ante unha obra enfocada a mellorar a competitividade da Autoridade Portuaria de Marín, o que levará a que por esta vía circulen trens de mercadorías de maior volume. As previsións son que este tráfico aumente nos vindeiros anos, co que as inversións primarán a rendabilidade económica, sen ter en conta o impacto social”.

Por estes motivos nun encontro mantido co deputado Luís Bará trasladoulle unha xeira de iniciativas para que o Parlamento Galego presione ao ADIF. “Temos que ser novamente dende o BNG quen asumamos a responsabilidade ante a inacción do alcalde de Redondela. Co acordo parlamentario preténdese que se cre unha partida orzamentaria para estudar o impacto acústico acometendo as obras necesarias para reduci-lo e mesmo abrir unha liña de subvencións para insonorización daquelas vivendas que o requiran”, xustifica o concelleiro nacionalista.

CxG reclama o mantemento do servizo de pediatría no rural de Vigo

D esde Compromiso por Galicia lamentan que desde a Xunta estén a incentivar o despoboamento do rural galego, desfazendo os servizos públicos necesarios para o benestar da poboación.

Cortés Alonso, secretario local, xunto a María Rivera, coordinadora comarcal, e membros da executiva local da formación galeguista, reuníronse coa asociación de Veciños de Coruxo, onde entre outros temas faláron da problemática provocada polo encerramento do servizo de pediatría no Centro de Saúde de

Coruxo e que afecta a máis de 1000 nenos e nenas de diversas parroquias do rural vigués.

O partido dos galeguistas ten presentado no Parlamento de Galicia unha iniciativa contra o despoboamento do rural cunha petición para que exista un servizo de pediatría a menos de 15 minutos en todos os concellos do País.

Xa no mes de Xaneiro deste ano, a formación galeguista, levou a petición á rua do Hórreo para implicar aos diferentes grupos políticos na defensa da súa proposta a favor dun servizo

de pediatría de calidade e con garantías. “O goberno do PP está a vacilar aos galegos e galegas coa súa política demográfica, deixando un rural avelentado e no que as novas familias non atopan nen atractivos nen incentivos para facer a súa vida.” declarou Cortés Alonso.

Finalmente, o secretario local galeguista, instou a unha solución a este problema que afecta a moitos usuarios do Sergas e que é un problema que está a repetir-se en todo o País, onde son reiterados os peches dos servizos de pediatría.

CNT-Vigo denuncia abuso laboral contra as camareiras de pisos no Hotel Bahía

O pasado 6 de maio, o Hotel Bahía de Vigo deixaba de renovar o seu contrato con Alliance Outsourcing, concesionaria do servizo de limpeza do hotel, e despedía ao seguinte día, luns 7, fulminantemente e sen previo aviso ás nada máis e nada menos que 20 camareiras de pisos que traballaban alí, a maioría dende hai varios anos. Tanto o hotel, pechando as portas á subrogación, coma Alliance, imposibilitando calquera recolocación, deixaban na rúa dun plumazo e sen ningún tipo de remordemento a toda a plantilla de limpeza. O martes 08 de maio, a nova empresa de limpeza, e cómplice deste despedimento masivo, entraba xa no hotel co seu persoal propio e en condicións laborais bastante precarias, Mantelnor-Nortempo.

A recén despedida plantilla reclamara o ano anterior de 2017 condicións laborais máis dignas, denunciando a alta carga de traballo, a contratación en fraude de lei, os salarios miseirentos e a ilegalidade do convenio de Alliance. A batalla gáñase e esta em-



presa queda obrigada a aplicar o convenio de hostalería, cunha menor carga de traballo e salarios algo máis altos. Esta suba de salarios redonda nunha suba ás cotas que o hotel debe pagar a Alliance polos servizos de limpeza, feito que decanta ao hotel na busca dunha contrata máis barata.

César Sánchez-Ballesteros, propietario do hotel e presidente actual da patronal de hostalería pontevedresa, amósase así coma un empresario sen escrúpulos que explota e despide sen ningún tipo de pudor a 20 traballadoras, 20 camareiras de pisos que durante cinco longos anos deixaban o hotel coma “os chorros do ouro”.

PARQUE DA

FEIRA

VELLA

Rock

in

Rio Tea

PONTEAREAS

ENTRADA

GRATUITA

VENRES 20 XULLO 21:00H

STONED AT POMPEII MET

ALUMNOS DO CDM (ROCK SCHOOL)

SÁBADO 21 XULLO 21:00H

GRAN CAÑÓN

CARLOS TARQUE (MCLAN) - LEBAD - OVIDI (LOS ZIGARRÓS)

JULIAN MAESO - CHAPO & PRISCO (MCLAN)

THE PARROTS TERBUTALINA

BASANTA HER NAME WAS FIRE

ATOMIC LEMONS

A asociación "SOS Tomiño-Baixo Miño" celebra o seu décimo aniversario cunha cunha comida solidaria

O colectivo asistencial, con máis de 100 persoas asociadas e numerosos voluntarios, celebrará unha comida solidaria o vindeiro día 24 en Tui

A asociación asistencial SOS Tomiño-Baixo Miño, cumpre o seu 10º aniversario. Para celebralo, organiza un xantar solidario co fin de "dar as gracias a todas as persoas voluntarias que colaboran coa entidade. "Esta comida anual está pensada coma un agradecemento a socios e colaboradores, que, coas súas achegas, axudan a manter viva a nosa labor", explica Jose Quinteiro, presidente da asociación.

Este ano é un ano especial porque o colectivo, que axuda na actualidade a un centenar de familias dos concellos de Tomiño, Tui e O Rosal, cumpre dez anos de actividade. "Dez anos de traballo, esforzo e ilusión, para



axudar ás familias máis necesitadas da comarca", en palabras do directivo.

No 2017, SOS Tomiño-Baixo Miño, entregou máis de 137.000 quilos de alimentos, e no que vai de ano, levan repartidos máis de 64.000. Alimentos que proceden na súa maior parte, do Banco de Alimentos de Vigo e de fondos europeos (Fondo Español de Garantía Agraria). Case 140 persoas voluntarias recollen, clasifican, rexistran, almacenan e entregan os produtos, levando un estrito control de

cada caso.

A comida solidaria terá lugar o día domingo 24 de xuño ás 13.30 horas no Colexio dos Maristas de Tui, seguindo a costume de ir alternándoa e facela cada ano nun concello diferentes.

Poranse á venda 200 convites a un prezo de 20 euros para os adultos e 10 para os menores. Dende a asociación advirten que as persoas que non poidan asistir ao xantar, terán a posibilidade de mercar uns tickets solidarios por valor de 5 euros.

Charla sobre o lobo en Portugal, en Corazón de Carballo

O sábado 16 de Xuño ás 19:30 a granxa escola musical tomiñesa Corazón de Carballo acolle dentro do ciclo de charlas sobre biodiversidade que acompañan á exposición Amigo Lobo a charla: 'O Lobo en Portugal: situación actual e desafíos na gestão de uma espécie protegida', da man do Doutor Francisco Álvares.

Nesta charla Francisco falaranos da situación actual do lobo no noso país veciño: Portugal, así como da xestión dunha especie protexida como é este animal.

Francisco Álvares é Doutor en Bioloxía da Conservación e actual investigador no CI-BIO-InBio - Centro de Investigación em Biodiversidade e Recursos Genéticos da Universidade de Porto. Durante os últimos vinte anos desenvolveu estudos sobre o lobo na Península Ibérica, cun enfoque ecolóxico, etnográfico (relación coas Comunidades Rurais) e de conservación aplicada. É membro da Large Carnivore

Initiative for Europe, un Grupo de especialistas da IUCN en grandes carnívoros (<http://www.lcie.org>) e da Iberian Wolf Research Team (<http://iwrt.info/>).

Ademais aínda se pode visitar nas nosas instalacións a exposición itinerante 'Amigo Lobo. Leyenda y Realidad del Lobo Ibérico', de Carlos Sanz, biólogo, colaborador de Félix Rodríguez de la Fuente y actual responsable del mantenimiento y manejo de las manadas del Centro del Lobo Ibérico de Castilla y León. Só estará ata o 24 de Xuño.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

MISCELANEA



Anna Fedorova e Cristina Goicea, convidadas de luxo para interpretar a Brahms xunto a OV430

A OV430 aborda o seu programa número 9 desta tempada achegándose ao repertorio do compositor alemán Johannes Brahms, o máis clásico dos compositores románticos, e un dos máis grandes da historia da música clásica, xunto con Beethoven e Bach, cos que forma o grupo coñecido como 'Os tres B' ou 'A santísima Trindade'.

E para interpretar as obras dun grande, a OV430 bota man de dúas das músicas máis talentosas do panorama actual, Anna Fedorova, pianista ucraniana moi precoz, procedente dunha familia de músicos, gañadora de 15 competicións internacionais de piano; e a violinista de Bucarest, Ioana Cristina Goicea, unha das máis destacadas neste momento, alabada

pola prensa polas súas actuacións apaixonadas, gañadora do premio Michael Hill e do Concurso Internacional de Violín Johannes Brahms, a quen se lle dedica integralmente o programa deste concerto.

A orquestra ofrecerá este concerto o 15 de xuño ás 20:30 no Auditorio Municipal de Vigo. Entradas á venda en Ticketea

Participantes dun seminario sobre gestión de servizos públicos transfronteirizos, visitaron Tomiño para coñecer a experiencia de cooperación con Cerveira

Corenta participantes dun seminario de políticas de desenvolvemento territorial, o Seminario CPS ESPON (Cross Border Public Services.1), organizado en Vigo pola Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia - Norte de Portugal, foron recibidos onte pola alcaldesa Sandra González, no Concello de Tomiño.

A delegación, integrada por 30 representantes de Suramérica e de diferentes concellos, universidades e entidades galegas e portuguesas, acudiron interesados en coñecer a experiencia de cooperación transfronteiriza entre Tomiño e Cerveira.

Na ocasión tiveron a oportunidade de entrevistarse coas Valedoras da Cidadanía Trans-

fronteiriza (Zara Pousa e Lurdes Cunha), e escoitar o relatorio das súas experiencias no tempo no que veñen desempeñando os seus postos. Comentaron que as consultas, que poden facerse de forma presencial (primeiros e terceiros mércores de mes, con cita previa) ou telemática, teñen que ver, até o momento, coa utilización da piscina municipal de Cerveira; o aeródromo de Cerveira, escola de música de Goián, garderías municipais ou visitas programadas, cos problemas de documentación e permisos que existen na actualidade entre os dous países, e que elas tentaran minorar. "Será unha das nosas grandes loitas conseguir que a fronteira se suavice neste aspecto", afirma-

A alcaldesa, pola súa banda, salientou a riqueza cultural e diversidade dos pobos suramericanos, e aconselloulles contar sempre coas persoas e non so coas institucións, á hora de traballar en tema de cooperación transfronteiriza. "O mundo cámbiase a nivel local, de abaixo para arriba e comezando polas pequenas cousas", sinalou a rexedora.

Seguidamente, a delegación desprazouse ata Vila Nova de Cerveira, para visitar a piscina municipal e a exposición de proxectos sobre a futura ponte peonil.

Previamente, durante a mañá de onte, técnicos dos concellos de Tomiño e Cerveira participaron



O Auditorio do Centro do Mar converteuse nunha mesa de traballo na que unha vintena de rapaces e rapazas de 5º de primaria do colexio bueués de A Torre de Cela presentaron un proxecto de investigación cooperativo sobre o patrimonio desta parroquia.

Neste acto, no que estiveron presentes o alcalde da vila, Félix Juncal, e as concelleiras de educación e sanidade, Teresa López, e de turismo e promoción económica, Silvia Carballo, o alumnado explicou a forma de traballo desta iniciativa na que levaron a cabo un recoñecemento do patrimonio material tradicional: muíños, hórreos, lavadoiros e

cruceiros. De cada un deles, e tal e como consta no escrito presentado no Concello, estudaron as súas funcións históricas, estrutura, materiais de construción, curiosidades, un traballo que localizaron no mapa de Cela tanto en formato dixital como en papel cunha ficha identificativa.

O alcalde mostrou a "satisfacción porque dende unha idade tan nova teñades sensibilidade para coñecer e manter a nosa tradición e patrimonio". De feito, os rapaces e rapazas clasificaron os elementos con diversas cores: en verde os ben conservados, en amarelo os que están en estado de conservación irregular, e en vermello os deteriorados.

en Vigo, na Mesa redonda sobre "Cooperación Local para a prestación de servizos públicos municipais transfronteirizos",

presentando o relatorio "Amizade Cerveira-Tomiño: construíndo unha eurocidade participativa".



III Simpósio Internacional de Escultura do Minho de 11 a 30 de junho

Durante 20 dias, seis escultores internacionais vão dar forma a um projeto escultórico que ornamentará os espaços públicos de Vila Nova de Cerveira e de Tomiño, no âmbito da cooperação transfronteiriça. Com caráter bienal, o III Simpósio Internacional de Escultura do Minho decorre de 11 a 30 de junho, no Espaço Fortaleza, em Goián, Tomiño.

Sob coordenação da escultora Lili Pobornikova, a edição 2018 do evento tem como novidades a inclusão, pela primeira vez, de uma escultura elaborada em ferro, que se juntará às tradicionais trabalhadas em pedra, para além de se realizar no mês de junho e não em setembro, de forma a usufruir mais do período de verão.

Entre os 12 projetos apresentados, os dois concelhos selecionaram seis escultores: Zhao Li (China), Zdravko Zdravkov (Bulgária), Georgi Minchev (Bulgária), Ghueorgiu Filin (Itália), Batu Isidore Shiharulidze (Estados Unidos da América) e Remigio Dávila (Espanha). Cada um vai trabalhar, ao vivo, a obra de arte proposta, em plena interação com o público e com a natureza.



No final, as esculturas ornamentarão os espaços públicos de Vila Nova de Cerveira e de Tomiño.

Durante a apresentação do III Simpósio Internacional de Escultura do Minho, que decorreu na passada sexta-feira, o autarca cerveirense enalteceu um “projeto ambicioso, mas estimulante porque privilegia o envolvimento e a participação ativa”. “O sucesso advém da aceitação de ambas as populações desta complementaridade em detrimento da competição, acolhendo iniciativas como esta que contribuem para dar sustentabilidade aos conceitos ‘Vila das Artes’ e ‘Terra de Artistas’”, referiu Fernando Nogueira.

A alcaldesa de Tomiño, Sandra Gonzalez, assegurou que

“este simpósio é exemplo do bom acolhimento de programações e atividades conjuntas entre Tomiño e Vila Nova de Cerveira; duas populações ligadas histórica e geograficamente, que hoje partilham políticas e consolidam amizades que já existem desde tempos imemoráveis”.

A realização da III edição já revela a conquista de espaço de mais um evento de referência cultural no território comum Cerveira-Tomiño e com projeção internacional. Por último, os presentes agradeceram o trabalho de coordenação da escultora Lili Pobornikova, assim como dos escultores Nando Álvarez e Vítor Reis, contribuindo para dar um nível de qualidade mais elevado ao certame.

Território comum de Cerveira e Tomiño vai ter APP de Turismo Acessível

Está dado o primeiro passo com vista à criação de uma aplicação tecnológica que agregue os pontos turísticos dos concelhos vizinhos de Vila Nova de Cerveira e de Tomiño, associada ao conceito de acessibilidade para tod@s. Projeto é um dos vencedores da edição 2018 do Orçamento Participativo Transfronteiriço Cerveira-Tomiño, e procura sensibilizar e envolver a população e profissionais especializados.

Cerca 50 pessoas de Vila Nova de Cerveira e de Tomiño participaram, esta sexta-feira, numa ação de sensibilização promovida em conjunto pela Escola Superior Gallaecia, ACAPO e Asociación de Pessoas con Discapacidade Vontade, com o apoio da Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira, em torno dos obstáculos e barreiras arquitetónicas com que se deparam, no dia a dia, as pessoas com deficiência visual e/ou mobilidade reduzida.

O objetivo é, até final do corrente ano, disponibilizar uma aplicação para dispositivos móveis (APP) inclusiva, com o intuito de reforçar a acessibilidade e atrair visitantes com mobilidade condicionada para o território comum de Cerveira-Tomiño, através da criação de roteiros e percursos acessíveis com indicação dos principais pontos artísticos, culturais e turísticos e da sua acessibilidade

(com audiodescrição).

A implementação deste projeto implica, por um lado, sensibilizar a comunidade e, por outro, alertar técnicos mais especializados para o conceito de design inclusivo. Neste sentido, a primeira atividade decorreu na envolvente do Fórum Cultural de Cerveira, com a Asociación Vontade (Tomiño) e a ACAPO a disponibilizarem alguns equipamentos (cadeiras de rodas, antifaces e bengalas), para que os participantes pudessem sentir na primeira pessoa as dificuldades das pessoas com deficiência visual e/ou mobilidade reduzida. Seguiu-se uma palestra mais técnica sobre espaços acessíveis e design universal, nomeadamente abordando exemplos concretos de soluções arquitetónicas no âmbito da acessibilidade para todos.

Da parte da tarde, o Aquamuseu do Rio Minho foi o primeiro espaço público a ser alvo de um levantamento técnico pelos alunos da ESG e da ETAP, ao nível de barreiras e apresentação de sugestões, ação que será alargada a outros espaços de Vila Nova de Cerveira e de Tomiño.

Após esta recolha de informação, as três entidades promotoras avançam com o processo de experimentação de técnicas de design inclusivo para a criação da APP acessível, de forma a estar funcional no final de 2018.

**Seguimos ofrecéndolles
información interesante
na nosa WEB**

www.novasdoeixoatlantico.com

Visítennos

EIXOATLÁNTICO
JORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLAECIA



NOVAS DA RAIÁ



Feira do Alvarinho em Monção

A Feira do Alvarinho de Monção, certame destinado a promover aquele produto vínico singular e nobre da nossa região, realiza-se entre 29 de junho e 1 de julho, apresentando uma programação destinada a todos os públicos, complementada com provas de vinho, conferências temáticas e animação musical.

Num evento de sucesso que se renova de ano para ano, a presente edição apresenta duas

novidades. Um novo espaço. No Parque das Caldas. E o regresso da restauração após um interregno de vários anos. Estão presentes quatro restaurantes do concelho.

Participam 29 produtores de vinho Alvarinho, 20 tasquinhas com produtos tradicionais, fumeiros, queijaria e doçaria e 20 expositores destinados a instituições e artesanato. Presentes também um posto médico, espaço lounge, Eprami.com, espaço infantil,

posto de informação, sala de provas e área para workshops de culinária.

A abertura oficial está marcada para as 10h30, abrindo espaço a três dias de promoção dos vinhos Alvarinho, gastronomia local, animação para todos os públicos e rentabilização económica dos expositores, comércio, hotelaria e restauração do concelho.

Milhares de pessoas, de diferentes áreas geográficas de Portugal e Espanha, rumam a

Monção para “sentir” a Feira do Alvarinho. No último ano, terão passado pelo recinto da feira 80 mil pessoas, originando um volume de negócio direto e indireto (cafetarias, restauração, hotelaria, comércio....) superior a meio milhão de euros.

Ao longo dos três dias, as tardes serão preenchidas com conferências temáticas, provas de vinho, workshops de culinária e atuação de agrupamentos folclóricos do nosso concelho. As noites iniciam-se com animação de rua (charangas), continuando, pela noite dentro, com os Dj's Nuno Luz e Ana Isabel Arroja, da Rádio Comercial, media partner do evento.

Nesta parceria com a Rádio Comercial, estão a “passar” vários spots promocionais diários da Feira do Alvarinho de Monção. No primeiro dia do certame, 29 de junho, o programa “Já se faz tarde”, com Diogo Beja e Joana Azevedo, entre as 17h00 e as 20h00, será emitido em direto do re-

cinto da feira.

Com a mesa “Cordeiro à Moda de Monção” como pré-finalista do concurso nacional “7 Maravilhas à Mesa”, a Feira do Alvarinho assumir-se-á ainda como um espaço de promoção deste prato típico de Monção, conhecido localmente como “Foda à Monção”.

A Feira do Alvarinho de Monção tem como finalidade reforçar a sua condição de instrumento estratégico para a promoção e comercialização daquele produto singular produzido em Monção e Melgaço, enaltecendo as suas características vinícolas ímpares e diferenciadoras e promovendo o estabelecimento de parcerias comerciais.

Constitui igualmente um espaço de divulgação da atividade empresarial e associativa da região e como uma “montra” para a dinamização do mundo rural através da apresentação, valorização e comercialização de produtos e artigos locais e regionais.

FBAC recorda os IV Encontros Internacionais de Artes na ESAD-Caldas da Rainha

A Fundação Bial de Arte de Cerveira (FBAC) e a Escola Superior de Arte e Design das Caldas da Rainha juntam-se para promover a exposição “IV Encontros Internacionais de Arte: recordar o Verão de 1977 nas Caldas da Rainha”. A inauguração terá lugar esta quinta-feira, às 16h00, na ESAD.CR do Instituto Politécnico de Leiria.

Trata-se de uma exposição retrospectiva que remonta ao verão de 1977, altura em que decorreram os IV Encontros Internacionais de Arte, evento organizado pelos artistas Jaime Isidoro (Galeria Alvarez) e Egídio Álvaro, da Revista de Artes Plásticas. Depois das edições em Valadares (1974), Viana do Castelo (1975) e Póvoa do Varzim (1976) as Caldas

da Rainha acolheram, de 2 a 12 de agosto, mais de uma centena de artistas nacionais e internacionais.

Nas palavras do coordenador artístico da FBAC: “Os Encontros Internacionais de Arte marcaram o volte-face artístico da década de 70 em Portugal. No ano em que se celebram os 40 anos da Bial Internacional de Arte de Cerveira não poderíamos deixar de recordar estes encontros, que deram origem àquela que é hoje a bienal de arte mais antiga do país”.

A exposição será constituída por um espólio documental que inclui fotografias, vídeo, recortes de jornais e material publicitário, bem como obras de arte da autoria de Artur Bual, Albuquerque Mendes, Anne-Marie Pêcheur e Roaul-

dês, produzidas e/ou apresentadas em 1977.

No decorrer da inauguração será ainda promovida uma tertúlia que reúne Daniel Isidoro, Jaime Silva, José Luiz Silva e Manoel Barbosa, onde se recordarão alguns dos momentos vividos há 41 anos.

A exposição, cuja curadoria é de Helena Mendes Pereira, estará patente até 27 de outubro. A organização conta ainda com a colaboração da Galeria Alvarez (Porto), da Gazeta das Caldas, de José Luiz Silva e de Dominique Labaume.

De recordar que a iniciativa integra a candidatura “Bienal



Internacional de Arte de Cerveira: 40 anos que projetam o futuro”, contando com o apoio da República Portuguesa – Cultura / Direção-Geral das Artes.

O beijo das locomotivas em Valença

Até 28 de Setembro o núcleo museológico de Valença, localizado na fortaleza, apresenta a exposição “O beijo das locomotivas”.

Uma mostra temporária cedida pelo colecionador João Paulo Sampaio Teixeira que reúne comboios e máquinas a vapor, elétricas e a diesel.

Entrada livre.



SALCEDA DE CASELAS

Un libro achega a transexualidade a Salceda

Chrysallis Galicia, Asociación de Familias de Menores Transexuais, da man da súa Vicepresidenta Eva Serantes, presentou en Salceda de Caselas o conto infantil “Marc, o mono que naceu dun ovo”. O relato, escrito por José Luis e Saúl Serantes Vaz, conta a historia de Marc, un mono que polo feito de ter nacido dun ovo está obrigado a ser unha ave, cando a realidade é que é un mono. Marc non consegue a súa felicidade ata que o seu entorno non o recoñece como o mono que sempre foi. Así, dun xeito didáctico e sinxelo, o conto busca achegarlles ás crianzas e aos seus proxenitores a realidade trans. A explicación completouse con un entretido obradoiro no que o público se converteu en detectives na busca de pistas que levasen a determinar as diferenzas entre un neno e unha nena, quedando claro que non existen tales diferenzas, senon que cada un será neno ou nena según o sinta, e non segundo indique o seu corpo. Para rematar o acto, Eva Seran-



tes en nome da Asociación, fixo entrega de varios exemplares do libro á Biblioteca Municipal de Salceda, libros que foron recollidos pola Concelleira de Benestar Social e Igualdade Tere Pérez e polo Alcalde, Marcos Besada.

Chrysallis segue así co seu intenso traballo de divulgación e información sobre a realidade trans centrándose sempre na poboación infantil e xuvenil. Lembra a asociación que dende aproximadamente os 2 anos, os nenos e nenas comezan a ser conscientes da súa identidade sexual, polo que a infancia trans amosa de forma espontánea a súa disconformi-

dade co sexo asignado no momento do nacemento. Resulta fundamental para o benestar e a autoestima destas crianzas que se lles recoñeza polo nome co cal se identifican e que se lles permita vestirse e comportarse de acordo coa súa identidade sexual. Chrysallis está a desenrolar unha importante laboura tamén en numerosos colexios, con charlas e obradoiros para achegar esta realidade ao alumnado. Deste xeito, a Asociación anima a tódolos colexios do País a poñerse en contacto coa mesma, para poder levar as actividades a todos aqueles centros que o demanden.

Proceso participativo no I Plan de Movilidade Sustentable

O proceso participativo comezou xa o pasado 3 de maio coas xuntanzas que mantivo a empresa redactora do Plan cos grupos políticos da oposición, PP e PSOE, para continuar con tres quendas con representantes veciñais, contando tanto cos colectivos e asociacións veciñais como coas ANPAS dos centros de ensino públicos, asociacións culturais e deportivas ou comunidades de montes das parroquias.

Abriu logo a participación á totalidade da veciñanza, que tivo opción de cubrir unha enquisa online que re-

colleu as súas inquedanzas e propostas como residentes, nun cuestionario de carácter anónimo ao que calquera veciño pode acceder ata o 15 de xuño mediante a páxina web ou as redes sociais oficiais do Concello.

A posta en marcha do Plan conta co apoio da Deputación de Pontevedra, que fará unha aportación de 15.000 €, dos 19.965 € que custa o proxecto. O obxectivo fundamental é o de establecer o libro de ruta que seguir nas vindeiras actuacións que se leven a cabo, na liña de seguir a recuperar a vila para as persoas.



CONFITERIA

Regino

Nova gama de productos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís
a partir de 2 kgs.

Especialidade en
rosquillas e melindres



Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas

986 640 834

LOURIÑA

O PORRIÑO

A campaña contra a Velutina, conquiere eliminar a 25.000 raíñas, seis veces máis que hai un ano

A campaña de loita contra a 'Vespa Velutina', que empezara a mediados do mes de febreiro, e que consistirá en repartir 500 trampas -300 máis que o ano pasado- e 175 litros de líquido atraínte deste insecto, en todas as parroquias do Porriño, deu coma resultado a eliminación de máis de 25.000 exemplares de raíñas.

Hai que lembran que a finais da campaña do 2017, as trapas lograran acabar con algo menos de 4.000 raíñas, polo cal o concelleiro de Medio Ambiente, Marcelino Coto, non dubida en cualificar o resultado deste ano de "espectacular".

Nesta campaña o Goberno local optara por involucrar ás veciñas e veciños dirixidos por avicultores, coma José Pampillón, Antonio Pérez Oliveira e José Porto, que foron



os encargados de que houbese, a ,lo menos, dúas persoas en cada unha das parroquias que colocasen as trampas nos lugares máis acaídos de cada unha, se asegurasen que tiñan sempre o atraínte, controlasen o número de exemplares que caían nos mesmos e, ao final da campaña, recuperasen as trampas, que poderán empregarse, de novo na vindeira campaña.

Os tres subliñan que a colocación das trampas, "algun-

has delas ata a 40 metros de altura", fíxose "no momento e nos lugares axeitados: dende mediados de febreiro a principio de maio e onde hai flores da camelia, que é a onde acoden a velutina estes meses".

Este feito deu coma resultado, engaden os apicultores, "fixo que este ano teñamos un 45% menos de vespa asiática no Porriño", un resultado que Marcelino Coto sinala que é o mellor de todas as campañas que levamos realizadas

e que "amosa que aquela idea de 'mobilizar' aos veciños para loitar contra especie invasora, está a funcionar".

Coto lembra que xa o ano pasado, no que se eliminaron seis veces menos de vespas raíñas que neste 2018, a Facultade de Ciencias da Universidade de Vigo felicitara ao Concello do Porriño polo seu traballo de loita contra este insecto, o cal sinala que "temos emprendido o camiño correcto para enfrontarnos contra esta ameaza".

Neste eido, os apicultores, logo de agradecer a axuda e o compromiso do Concello, advirten que hai que seguir co traballo de loita que, dende este mes centrarase nas zonas que están preto sa colmeas das abellas, ás que a Velutina acoden "na procura de alimento para as súas larvas".

Programa Coñece-decide



CEIP Fernández López, participa no programa "Coñece-Decide", organizado pola Fundación Érguete e financiado pola Deputación, que ten coma obxectivo o de educar ás persoas para que sexan capaces de manter unha relación responsable cos factores ou condutas aditivas.

O proxecto "Coñece-Decide" abrangue tres accións diferentes: unha, só dirixida a alumnas e alumnos dos centros educativos de Primaria e Secundaria dos concellos da área metropolitana de Vigo; outra, dirixida a pais, nais e alumnado, e unha última enfocada a clubs deportivos.

Imparables as féminas da escola de ciclismo Avanza.

Omote Xaxán, a chuvia e o frío foron o escenario da sétima proba do calendario do mini Btt galego. Os máis de trescentos bikers achegados ata a península do Morrazo para disputar unha nova edición do TROFEO MINI BTT DE MARÍN onde o Club Ciclista Marín tiña preparado un circuíto que obrigou os pequenos bikers a



poñer todos as súas habilidades para rematar unha dura e fermosa proba, onde os pequenos ciclistas tiveron que facer fronte a continuos cambios de desnivel, tendo que amosar a súa técnica para afrontar grandes desniveis de subida, e as súas habilidades no descenso tanto por obstáculos artificiais como naturais, o ter que afrontar a baixada por unhas escaleiras de madeira ou descender por riba de pequenos penedos os cales chegabas por pasarelas de madeira levadas a cabo pola organización do evento. Tanto a dureza como o beleza do circuíto viuse incrementada pola chuvia e frío cons-

tante en toda a xornada.

Onde a pesar dos grandes hándicap que presentaba a proba os pequenos integrantes de Avanza viñéronse arriba lo-grando estar presentes en oito postos de podio.

Unha xornada mais sumando sete veces consecutivas as irmáns Nerea e Uxía Soto levan o mais alto do podio as cores da escola de ciclismo Avanza.

O primeiro podio chegaba de mans de Nerea Soto na categoría promesa fémica imponerse nun circuíto de habilidade con continuas virases poñía a proba a habilidade dos pequenos bikers.

Tamén na categoría promesa pero masculina o biker Guillermo García conseguía subir o segundo posto do podio.

Para o seguinte podio te-



riamos que agardar ata a categoría alevín onde a biker Aroa Otero nos ven amosado unha gran evolución no transcurso de todas as probas conseguindo entrar no quinto posto de podio da categoría alevín fémica e en alevín masculino Haritz Serrano conseguía subir o terceiro posto podio.

Xa na categoría infantil e cun circuíto moi esixente Uxía Soto, que marcou un ritmo alto de carreira desde o pistoletazo de saída, conseguía subir o mais alto do podio de

infantil fémica acompañada no cuarto posto pola súa compañeira da Asociación Deportiva Avanza Laura Mira

Os dous últimos podios da xornada chegaban na categoría infantil masculino da man de Andrés Valverde que conseguía cruzar o arco de meta en segunda posición acompañado no podio polo seu compañeiro de equipo Iván Fernández que despois dun espectacular adiantamento na baixada de escaleiras conseguía cruzar o arco de meta en cuarta posición.

O PORRIÑO

O Festival de Cans bate o seu record sumando 126 persoas contratadas

O Festival de Cans converteuse nesta edición en moito máis que o gran acontecemento cultural do mundo rural en Galicia. O certame está definíndose tamén como un proxecto que demostra a importancia da cultura á hora de incrementar a riqueza e postos de traballo.

Na presente edición do 2018 foron 126 os postos de traballo xerados ao longo dos catro días de Festival (fronte aos 110 da pasada edición). Desacantidade, 53 persoas foron

dadas de alta pola organización a través de contatación directa para cubrir tarefas como produción, servizo en barras, transporte de convidados, venda de tickets, merchandising ou apartados educativos. No tocante ao número de profesionais autónomos aos que o Festival contratou os seus servizos, 19 persoas desenvolveron o seu traballo en tarefas como deseño, comunicación e redes sociais, fotografía, realización audiovisual ou como técnicos de proxección. Ade-

mais cabe destacar que outras 52 persoas traballaron no Festival de Cans a través de empresas contratadas especificamente para o evento, que desenvolveron o seu traballo e eidos como a iluminación, son, montaxe de carpas, catering, limpeza e seguridade, véndose sobre todo estas dúas últimas áreas notablemente incrementadas con respecto a edicións anteriores.

Malia a intensa chuva caída o venres en Cans, os autobuses que trasladaron ó público desde



O Porriño funcionaron a pleno rendemento, transportando a case 3.000 persoas nos dous días do festival. Unha cifra a salientar, é que só o sábado pola mañá os autobuses trasladaron 1.100 persoas ata a aldea atraídas pola sesión matinal da

sesión de curtametraxes, pola programación das actividades infantís ou polo coloquio de Fernando Trueba no Espazo Mahou da Leira da Alicia, o máis concurrido da historia do festival con arredor de 600 persoas que abarrotaron a leira.

A Alcaldesa envía unha carta ao novo ministro de Fomento polo paso a nivel

Alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, vén de remitir unha carta ao novo ministro de Fomento, José Luis Ábalos, na que solicita unha xuntanza dos voceiros da Corporación con él coa finalidade de tratar a supresión do paso do tren polo centro da vila.

Na carta a alcaldesa subliña

que “ata hoxe as xestións realizadas con ADIF e o Ministerio de Fomento do anterior Goberno non son non deron froitos senón que xeraron entre os responsábeis político locais e os veciños un considerable enfado polo trato recibido e pola falla de vontade política para acometer este proxecto”.

Eva García de la Torre sinala

que o pasado 1 de xuño O Porriño foi escenario dunha concurrida manifestación esixindo a Fomento a eliminación do paso a nivel e lembra que O Porriño está reclamando dende 1948 que o tren deixe de pasar polo casco urbano, onde chega a velocidades de 140 quilómetros por hora, transitando a moi preto de edificios de vi-

vendas e da praza de abastos, e subliña que en setembro de 2016 no Porriño houbo un accidente no que morreron catro persoas e outras 50 resultaron feridas de distinta consideración.

A alcaldesa adxunta a esta comunicación a carta enviada o 23 de abril, e que non obtivo resposta, ao anterior titular de Fomento, Íñigo de la Serna, na que facía un resumo da actuación de ADIF nos anos anteriores (dende a xuntanza cos seus directivos en Madrid en setembro

de 2015, pasando pola visita a O Porriño da directora de Infraestruturas deste organismo e finalmente, a dunha delegación o 12 de abril, “sen ningún resposta concreta e limitándose a expoñer a partida de 800.000€, incluída no borrador dos Orzamentos Xerais do Estado para 2018 para a realización dun estudo previo para a supresión do paso a nivel sen ter en conta o proxecto de 2007, modificado en 2011, sobre a ‘saída sur’ que caduca en novembro deste mesmo ano”).



O Concello patrocina a nova equipaxe do equipo feminino da Unión Deportiva Mos

A Corporación Municipal mosense recibiu no Salón de Sesións do Concello ás xogadoras do equipo feminino da Unión Deportiva Mos "para recoñecer os bos resultados acadados na Liga que recentemente acaba de concluir e para facerlles entrega da nova equipaxe coa que xogarán a partir de agora e coa que quixemos agasallalas por ser un auténtico exemplo de mulleres loitadoras e cun gran espírito de esforzo e superación, así como cunha inmensa capacidade de traballo", segundo declararon a Alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, e o concelleiro de Deportes, Baldomero Lorenzo.

As xogadoras, que veñen

de realizar unha fantástica tempada, acudiron á recepción acompañadas do presidente da U.D. Mos, Pablo Alonso Serodio, do director deportivo do club, Cristian Taibo, e do seu adestrador.

O U.D. Mos Feminino quedou 6º na Liga, sendo equipo nobel na categoría. E opta ao Premio de Equipo Revelación da Tempada 2017-2018.

As xogadoras do U.D. Mos Feminino levan dous anos xogando en Fútbol 11. O ano pasado ascenderon e este ano quedaron en sexta posición na Liga. O equipo naceu fai catro anos e os dous primeiros xogaron en Fútbol 7 gañando a Liga os dous anos consecutivos.

Taibo e Alonso Serodio, di-



rector deportivo e presidente do club, respectivamente, destacan "o meteórico progreso deportivo deste equipo de mu-

lleres de todas as idades, que son un orgullo para a Unión Deportiva Mos; e este recoñecemento municipal que les

fai o Concello ven a reforzar a aposta deportiva que dende a U.D. Mos facemos pola nosa sección feminina".

M

Abogados Moreno

bsuarez@abogadosmoreno.es www.abogadosmoreno.es

986410949 (Vigo) - 986182122 (Salvaterra)

Calle Venezuela, 12, 1º E. Vigo.

Rúa Galicia, 5. Salvaterra de Miño.

Bufete BARXA
advogados S.L.

Civil
Empresarial
Penal

nemesio.barxa@barxadvogados.gal www.barxadvogados.gal

Sam Donmigos, 39, 1ºB . 988 228 420 . Ourense

Praza da Princesa, 6, 1ºA . 986 432 680 . Vigo

Rúa de Ceuta, 60, 5ºda. . 351 220 020 58 . Porto

Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·

· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·

Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA

Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña